

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

6045 *Real decreto 388/2013, do 31 de maio, polo que se fixa o cadro de persoal do corpo da Garda Civil para o período 2013-2018.*

O artigo 17.1 da Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do corpo da Garda Civil, establece que o cadro de persoal do dito corpo en situación de activo se axustará aos créditos establecidos nas leis de orzamentos xerais do Estado. Así mesmo, o mencionado artigo recolle no seu número 3 que o Consello de Ministros, por proposta conxunta dos ministros de Defensa e do Interior, fixará, con vixencia para períodos de cinco anos cada un, o cadro de persoal regulamentario para os distintos empregos e escalas, agás os correspondentes ao primeiro emprego de cada escala, cuxos efectivos serán os que resulten da provisión anual de prazas.

Con vixencia para o período comprendido desde o 1 de xullo de 2006 ata o 30 de xuño de 2011, ambos os dous inclusive, o Real decreto 1073/2006, do 22 de setembro, fixou o cadro de persoal regulamentario para os distintos empregos e escalas do corpo da Garda Civil, e estableceu os efectivos máximos nas situacións administrativas de servizo activo e suspenso de funcións.

Para dar cumprimento ao mandato legal e facer posible a consecución dos obxectivos do Goberno en materia de seguridade pública, faise necesario fixar un novo cadro de persoal regulamentario para os próximos cinco anos.

Xunto co mantemento da cobertura operativa actual, este real decreto permite unha mellor optimización dos recursos de persoal dispoñibles, tendo en conta o actual escenario económico de restrición orzamentaria.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Defensa e do Interior, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 31 de maio de 2013,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Cadro de persoal regulamentario.*

1. Con vixencia para o período comprendido desde o día 1 de xullo de 2013 ata o 30 de xuño de 2018, ambos inclusive, o cadro de persoal regulamentario para os distintos empregos e escalas do corpo da Garda Civil, excepto o correspondente ao primeiro emprego de cada escala, será o seguinte:

Escala	Emprego	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017	2017/2018
Superior de oficiais.	Tenente xeneral.	4	4	4	4	4
	Xeneral de división.	7	7	7	7	7
	Xeneral de brigada.	23	23	23	23	23
	Coronel.	117	117	117	117	117
	Tenente coronel.	214	214	214	214	214
	Comandante.	247	247	247	247	247
	Capitán.	160	160	160	160	160
Facultativa superior.	Coronel.	1	1	1	1	1
	Tenente coronel.	4	4	4	4	4
	Comandante.	10	10	10	10	10
	Capitán.	105	105	105	105	105

Escala	Emprego	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017	2017/2018
Oficiais.	Tenente coronel.	10	10	10	10	10
	Comandante.	92	92	92	92	92
	Capitán.	613	613	613	613	613
	Tenente.	796	796	796	796	796
Facultativa técnica.	Comandante.	5	5	5	5	5
	Capitán.	10	10	10	10	10
	Tenente.	71	71	71	71	71
Suboficiais.	Suboficial maior.	46	46	46	46	46
	Subtenente.	540	540	540	540	540
	Brigada.	940	940	940	940	940
	Sarxento primeiro.	2.016	2.016	2.016	2.016	2.016
Cabos e gardas.	Cabo maior.	60	60	60	60	60
	Cabo primeiro.	5.844	5.844	5.844	5.844	5.844
	Cabo.	1.480	1.480	1.480	1.480	1.480

A distribución que se fai por períodos anuais entrará en vigor o 1 de xullo e estará vixente ata o 30 de xuño do ano seguinte.

2. Cando se designe un oficial xeneral para ocupar cargos no ámbito dos órganos centrais ou organismos autónomos dos ministerios de Defensa e do Interior ou en organizacións internacionais, así como en misións para manter a paz e a seguridade internacionais que comporten o cesamento no destino, na Casa do Rei, na Presidencia do Goberno ou en departamentos ministeriais, considerarase cadro de persoal adicional, salvo que estean especificamente asignados ao corpo da Garda Civil.

Artigo 2. *Persoal de cadro.*

O cadro de persoal que se establece no artigo 1 representa os efectivos máximos en cada emprego e inclúe todo o persoal que se encontre nas situacións administrativas de servizo activo e suspenso de funcións.

Artigo 3. *Amortización de excedentes.*

Os excedentes do cadro de persoal que existan en todo momento nos diferentes empregos e escalas, en relación co cadro de persoal fixado no artigo 1, amortizaranse sen dar ao ascenso as seguintes vacantes:

- Nos empregos da categoría de oficiais xenerais, as primeiras que se produzan.
- Nos restantes empregos, a última que se produza de cada catro.

Disposición adicional única. *Cobertura do cadro de persoal.*

O cadro de persoal recollido no presente real decreto será cuberto na medida en que as dispoñibilidades orzamentarias o permitan.

Disposición transitoria única. *Período anual 2013-2014.*

O cadro de persoal regulamentario fixado para os distintos empregos e escalas do corpo da Garda Civil no artigo 1.1 do presente real decreto para o período anual 2013/2014 será de aplicación a partir do 1 de xullo de 2013 ou da data de entrada en vigor deste real decreto, se esta for posterior a esa data.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido no presente real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 31 de maio de 2013.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN